

**4416** *ORDE PRE/672/2006, do 10 de marzo, pola que se establece un período transitorio para a substitución dos depósitos auxiliares de distribución.* («BOE» 60, do 11-3-2006.)

O Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, e modificado polo Real decreto 277/2005, do 11 de marzo, establece o réxime xurídico aplicable á fabricación, circulación, almacenamento, tenza e utilización de explosivos.

Este regulamento constitúe un desenvolvemento do previsto nos artigos 6 e 7 da Lei orgánica 1/1992, do 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá, e foi aprobado en exercicio da competencia exclusiva do Estado, recoñecida no artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución, en materia de réxime de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

Por outra parte, o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, e as súas instrucións técnicas complementarias, complementan as disposicións do Regulamento de explosivos respecto do almacenamento e transporte interior destes produtos nas explotacións mineiras, a execución de voaduras con riscos especiais e outros aspectos de seguridade industrial e laboral.

O Real decreto 277/2005, do 11 de marzo, deulle nova redacción ao disposto no número 2 do artigo 190, relativo aos depósitos auxiliares de distribución. O novo texto exige agora que estas polvoreiras estean construídas en forma de caixa forte, cun nivel de seguridade de grao VII, que se debe definir de acordo coa instrución técnica complementaria correspondente, ancoradas ao terreo mediante unha cuberta de formigón e con dobre fecho de seguridade. Dispón, igualmente, que a polvoreira será homologada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, logo de informe da Intervención Central de Armas e Explosivos.

Por outra parte, a disposición transitoria primeira do citado real decreto sinala que estas polvoreiras auxiliares de distribución deberán adaptarse e reunir os requisitos de seguridade establecidos neste nun prazo dun ano a partir do día seguinte ao da publicación deste real decreto no Boletín Oficial del Estado.

Non obstante, do teor do citado artigo 190.2 resulta necesaria a aprobación da instrución técnica complementaria correspondente, mediante a actualización da vixente instrución técnica, número 18, relativa aos depósitos auxiliares, que forma parte do Regulamento de explosivos. Esta actualización, de conformidade coa autorización recollida expresamente pola disposición derradeira primeira do Real decreto 230/1998, do 16 de febreiro, aos ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio, debe realizarse por orde ministerial.

Emporiso, mentres non se promulgue a norma técnica correspondente, para a aplicación das previsións contidas neste artigo 190.2 resultaba imprescindible a definición das condicións técnicas mínimas aplicables ás polvoreiras auxiliares de distribución, cunha capacidade unitaria máxima de 50 quilogramos de explosivos ou 500 detonadores, definidos no artigo 190 do Regulamento de explosivos.

Estas condicións técnicas foron aprobadas por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas do 24 de agosto de 2005, que establece os requisitos técnicos precisos en aplicación das novas exixencias de seguridade establecidas no artigo 190.2 do Regulamento de explosivos.

A orde ministerial de actualización da instrución técnica complementaria debería ter establecido o prazo de substitución para que a industria consumidora de explosivos poida proceder á substitución dos actuais depósitos polos novos modelos, pero mentres non se promulgue,

resulta conveniente establecer por unha orde ministerial específica o dito período de substitución.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio, dispoño:

**Artigo único.** *Período transitorio para a substitución dos depósitos auxiliares de distribución.*

As polvoreiras a que se refire o artigo 190.2 do Regulamento de explosivos, aprobado polo Real decreto 230/1998, modificado polo Real decreto 277/2005, do 11 de marzo, deberán ser substituídas polos novos modelos, conforme o criterio técnico aprobado pola Resolución do 24 de agosto de 2005, no prazo de seis meses a partir do día seguinte ao da publicación desta orde ministerial no Boletín Oficial del Estado.

**Disposición derradeira primeira.** *Título de competencias.*

A presente orde ministerial dítase ao abeiro do artigo 149.1.26.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de produción, comercio, tenza e uso de armas e explosivos.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

A presente orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 10 de marzo de 2006.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sres. ministros do Interior e de Industria, Turismo e Comercio.

## XEFATURA DO ESTADO

**4583** *LEI 1/2006, do 13 de marzo, pola que se regula o réxime especial do municipio de Barcelona.* («BOE» 62, do 14-3-2006.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

Exposición de motivos

I

Barcelona, capital de Cataluña, foi sempre un símbolo de liberdade e de progreso. Cidade de convivencia, feita na pluralidade e na diversidade, proxectou ao mundo a súa capacidade de iniciativa, a súa vocación de modernidade e o seu compromiso solidario coa construción dun mundo en paz, baseado no respecto e na tolerancia. Barcelona, berce de culturas, foi e quere ser un exemplo na defensa dos dereitos humanos e dos pobos.

A comezos do século XXI, Barcelona quere outorgar para si, partindo da experiencia de moitos séculos de estatuto propio, de case vinte e cinco anos de autogoberno democrático e de acordo co mandato do Parlamento de Cataluña e das leis do Estado, unha carta muni-

cipal que reforce a súa autonomía, ao servizo dunha xestión administrativa eficaz e próxima ás cidadás e aos cidadáns, dunha descentralización máis ampla, dunha potenciación das competencias municipais no marco dunha positiva colaboración institucional, e dunha mellora da calidade dos servizos da cidade que se corresponda coas necesidades e ambicións de todos os barceloneses e barcelonesas.

Unha carta que responda aos anhelos da cidadanía, que, a través da súa participación e implicación colectiva, fixo de Barcelona o que é. A Carta afonda nos mecanismos de participación cidadá, reforza a práctica democrática e estimula a cooperación entre o Concello e o movemento asociativo e os axentes sociais, como factor de progreso e cohesión.

Barcelona é o núcleo central dun continuo urbano e dun territorio que se expresa en realidades municipais plurais e con valor propio, pero que, polo seu carácter metropolitano, require coordinación, entendemento e a aplicación de criterios comúns en ámbitos diversos.

O municipio de Barcelona dispón desde o ano 1960 dun réxime especial, aprobado polo Decreto 1166/1960, polo cal se regula o réxime especial de Barcelona, en virtude do cal se introduciron determinadas singularidades relativas á organización, administración e facenda municipal no dito municipio. Este réxime especial foi complementado co Decreto 3276/1974, do 28 de novembro, de constitución e desenvolvemento da entidade metropolitana de Barcelona e as súas disposicións concordantes.

Posteriormente, a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, mantivo vixente o dito réxime especial salvo naquilo que se opoña, contradiga ou resulte incompatible con esta, en virtude do disposto na súa disposición adicional sexta.

Pero alén de antecedentes históricos, desde a década dos 80, o Concello de Barcelona plasmou, en diversos documentos, a súa inquietude por dispoñer dunha normativa que solucionase as deficiencias con que batían os responsables municipais á hora de xestionar unha cidade de máis dun millón e medio de habitantes, pero cun anel metropolitano que engloba case tres millóns, e ofrecese solucións adecuadas para a óptima xestión da cidade. O fito máis relevante deste proceso constituíuno a promulgación polo Parlamento de Cataluña, tras a súa aprobación polo Pleno do Concello de Barcelona por unanimidade en xullo de 1997 dun «Anteproxecto de Lei especial de Barcelona», da Lei 22/1998, do 30 de decembro, da Carta Municipal de Barcelona, norma autonómica onde se recolle un réxime especial para a devandita cidade no que se refire a diversos aspectos referidos nos títulos desta, como son a organización do goberno municipal, os distritos, a potestade normativa municipal, a participación cidadá e os dereitos dos veciños, a organización municipal executiva e, esencialmente, as competencias municipais (urbanismo, infraestruturas, vivenda, transportes, mobilidade, telecomunicacións, ambiente, saúde pública, servizos sociais, xuventude, cultura, deportes, educación, seguranza cidadá e protección civil, entre outras).

A lexislación estatal posconstitucional fíxose eco desta necesidade de que as dúas cidades máis poboadas da xeografía española dispoñan dunha serie de especialidades, xustificadas precisamente nas dificultades que a xestión dos asuntos municipais comporta nelas.

Así, a disposición transitoria cuarta da recente Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, establece que «mentres non se aprobe o seu réxime especial, o título X desta lei non será de aplicación ao municipio de Barcelona».

Pola súa parte, o artigo 161 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, dispón que «O municipio de Barcelona terá un réxime financeiro especial, do cal será supletorio o disposto nesta lei».

As Cortes Xerais, en diversas ocasións, destacaron tamén a importancia de aprobar o réxime especial que nesta lei se instaura. En data do 18 de marzo de 2003, o Congreso dos Deputados adoptou a proposición non de lei sobre as grandes cidades, as cidades e as súas áreas de influencia urbana, en que se instaba o Goberno da Nación para que, a través do diálogo coas entidades locais, as comunidades autónomas e buscando o máis amplo consenso coas forzas políticas presentes nas Cortes Xerais, dese cumprimento á moción aprobada polo Senado en sesión do 19 de febreiro de 2002, pola cal se insta o Goberno, no marco das conversacións existentes entre este e a Comisión Mixta Xeneralidade de Cataluña-Concello de Barcelona, e dos acordos que nesta se adopten, a presentar, coa maior brevidade posible, un proxecto de lei que outorgue ao Concello de Barcelona as capacidades e competencias que se recollen na Carta Municipal de Barcelona.

A relevancia de Barcelona nos ámbitos económico, social e cultural, así como a súa proxección europea e internacional, motiva a existencia dunhas necesidades organizativas e competenciais que difiren, nalgúns aspectos, das existentes noutros municipios españois. Se unha das críticas máis reiteradas pola doutrina en relación coa regulación das entidades locais foi a relativa ao uniformismo no seu tratamento, en metrópolis como Barcelona é onde resulta máis acusada a necesidade de articular algunha medida que lles permita aos responsables municipais atender de maneira efectiva as demandas cidadás. Á vontade de dar resposta a esta necesidade obedece esta lei, que constitúe, xunto á Lei do Parlamento de Cataluña 22/1998, da Carta Municipal de Barcelona, a regulación do réxime especial aplicable a esta cidade.

## II

A lei consta de 77 artigos, distribuídos en catro títulos, catro disposicións adicionais, unha derogatoria e catro derradeiras.

O título I recolle as disposicións xerais, aclarando o réxime xurídico que resulta de aplicación ao municipio de Barcelona e consagrando a autonomía local que garante a Constitución. Desta forma, faise eco do principio de subsidiariedade, construído no dereito comunitario e plasmado no artigo 4 da Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, e ratificada por España por Instrumento do 20 de xaneiro de 1988.

Así mesmo, este título I regula unha comisión de colaboración interadministrativa, configurada como órgano de colaboración entre as administracións estatal, autonómica e municipal, que plasmará os seus acordos a través dos convenios que se subscriban nas materias de interese común.

O título II recolle as especialidades competenciais do Concello de Barcelona, nunha serie de materias de directa incidencia na convivencia cidadá, tales como o Porto de Barcelona, o litoral, as telecomunicacións, a mobilidade ou a seguranza cidadá.

A incidencia da planificación e da xestión das grandes infraestruturas do transporte e de comunicacións en xeral nos intereses da comunidade veciñal municipal evidénciase tanto desde o punto de vista da súa calidade de vida como desde o da súa promoción económica. Neste sentido, a participación municipal nos ditos ámbitos é unha materialización do principio de autonomía local.

En calquera caso, o carácter de competencia estatal non oculta a interrelación existente entre a planificación e a xestión das infraestruturas estatais e as competencias estritamente municipais.

A participación municipal que se instaura nesta materia é compatible coas disposicións normativas que consideran a intervención municipal mediante informes previos ás diferentes resolucións que se vaian adoptar.

Ademais da análise previa no momento do informe, considérase conveniente ter en conta a presenza de representantes municipais que poidan colaborar na adopción de decisións públicas e na ponderación da totalidade de intereses públicos implicados. A esta finalidade responde a previsión contida no artigo 6.2, onde se permite incrementar a representación que corresponde ao Concello de Barcelona no Consello de Administración da Autoridade Portuaria do Porto de Barcelona, dadas as especiais características deste, onde coexisten, xunto coa súa actividade portuaria principal, múltiples actividades lúdicas e de ocio.

Similares consideracións procede realizar en relación coa previsión de subscrición dun plan de xestión integrada do litoral, como fórmula de colaboración entre o Estado –a través do Ministerio de Medio Ambiente–, a Xeneralidade de Cataluña e o Concello de Barcelona para a xestión dos bens de dominio público marítimo-terrestre situados no termo municipal.

O capítulo II deste título introduce algunhas medidas destinadas a facilitar a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, tratando de posibilitar a adquisición por parte do Concello de inmobles radicados no municipio, para que se poidan dedicar á construción desta tipoloxía de vivendas.

Tal e como se sinalou, a lei incardínase nun proceso de atribución dunha maior participación dos entes locais en competencias que, a pesar de se definir e estruturar como competencias exclusivas do Estado, teñen repercusións importantes no ámbito local; entre elas, as telecomunicacións. Por esta razón, dedícase o capítulo III á regulación desta materia, aínda que seguindo o esquema da recente Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

O capítulo IV dedícase a introducir unha especialidade nos procedementos de declaración de bens de interese cultural sobre inmobles radicados en Barcelona, establecendo un informe preceptivo do Concello.

O capítulo V destínase á regulación dun aspecto tan capital nas grandes cidades como é a mobilidade. En xeral, os distintos artigos contidos neste capítulo V do título II da lei veñen motivados pola necesidade de incrementar e reforzar a autoridade do alcalde e dos seus axentes en materia de tráfico, circulación e seguranza viaria nas vías urbanas e travesías que discorren polo termo municipal de Barcelona.

Tal reforzamento da autoridade xustifícase polas características concretas que presenta o tráfico en Barcelona que, pola súa vez, causan problemas de mobilidade importantes que son específicos e distintos a aqueles que se poden encontrar noutros municipios españois. Entre tales circunstancias é de especial importancia ter en conta os problemas provocados polos efectos da centralidade de Barcelona, especialmente respecto aos municipios da área metropolitana, que, atendendo á gran densidade de poboación existente na dita área, ten como consecuencia directa a entrada e saída constante dunha gran cantidade de vehículos provenientes doutros municipios.

O fortalecemento da autoridade do alcalde e dos seus axentes constitúe un paso importante para incrementar o nivel de eficacia na realización efectiva das políticas municipais en materia de mobilidade. Abonda ter en conta, neste sentido, que Barcelona é unha cidade en que se impoñen, anualmente, máis dun millón seiscentas mil multas de tráfico, das cales apenas se chegan a poder facer efectivas unha baixa porcentaxe destas. Este reducido nivel de efectividade das sancións, que está motivado por distintas causas específicas, leva consigo, como consecuencia inmediata, un declive da autoridade do alcalde e, conseguintemente, un aumento da indisciplina viaria e unha dificultade adicional para alcanzar a eficacia desexable na implantación das medidas e accións de mobilidade emprendidas polo Concello.

En definitiva, só incrementando as facultades do Concello, do seu alcalde e dos seus axentes en materia de ordenación, vixilancia e control do tráfico e as potestades correspondentes, se poderá conseguir un aumento do nivel de efectividade das distintas políticas municipais en materia de mobilidade.

Finalmente, o capítulo VI versa sobre outra materia de indubidable incidencia e importancia nas metrópolis: a seguranza cidadá, constituíndo un dos aspectos que máis preocupa os cidadáns das grandes urbes, debido ao incremento das actividades delituosas neste ámbito. O obxectivo da regulación nesta materia persegue, por un lado, incrementar a eficacia das políticas desenvolvidas mediante un reforzamento das funcións de autoridade do alcalde e, por outro, asegurar nesta materia a participación cidadá e de todas aquelas institucións con competencias en materia de seguranza cidadá na elaboración e deseño das correspondentes estratexias.

O título III consolida a existencia da denominada «Xustiza de Proximidade», un novo chanzo xudicial dirixido a resolver os conflitos derivados da convivencia cidadá, sen os inconvenientes de formalismo e lentitude que en ocasións sofre a xustiza ordinaria. Non obstante, e dado que o artigo 122 da Constitución reserva a regulación desta materia á Lei orgánica do poder xudicial, difírese a posta en marcha dos xulgados de proximidade á aprobación da modificación da dita lei orgánica neste sentido.

Finalmente, o título IV aborda a regulación do réxime financeiro especial do Concello de Barcelona a que fai referencia o artigo 161 da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. O dito réxime especial recolle aquelas peculiaridades do Concello de Barcelona que resultan necesarias pola elevada poboación do municipio, así como polas súas características singulares. Así, regúlanse unha serie de particularidades en relación aos recursos tributarios, tales como o tratamento das bonificacións, o procedemento de autoliquidación, o sistema de recursos ou a plasmación do Consello Tributario, órgano existente actualmente na estrutura orgánica do Concello, cuxo balance de funcionamento foi moi positivo, polo que se desexa incluír a súa regulación na lei, aclarando desta forma o réxime xurídico dun organismo que intervéñ na resolución dos recursos interpostos polos cidadáns en materia tributaria.

Por outra parte, introdúcense certas especialidades na regulación propia de cada un dos tributos –impostos, taxas e contribucións especiais– coa finalidade de mellorar a xestión e funcionamento destes.

O capítulo III deste título regula a participación do Concello de Barcelona nos tributos do Estado, recollendo fundamentalmente dúas especialidades que singularizan o municipio de Barcelona en relación a outros de equivalentes características:

O financiamento de institucións con ampla proxección e relevancia do municipio de Barcelona.

A existencia «de facto» da área metropolitana de Barcelona. Non obstante, o eventual financiamento desta difírese á necesidade de que a propia Comunidade Autónoma, en uso das súas competencias en materia de creación das entidades locais non necesarias, proceda á súa creación.

O capítulo IV recolle algunhas particularidades en materia de planificación económica, orzamento e gasto público.

A disposición adicional primeira pretende conseguir o obxectivo, sinalado pola Unión Europea, de que as persoas con discapacidade poidan estacionar nas zonas reservadas para o efecto, con independencia do lugar de procedencia do discapacitado, podéndose acoller a esta medida todos aqueles concellos que emitan as ditas tar-

xetas de estacionamento consonte o modelo establecido na Recomendación 98/376/CE do Consello, do 4 de xuño de 1988, sobre a creación dunha tarxeta para as persoas con discapacidade.

A disposición adicional segunda concreta a lexislación aplicable en materia de financiamento da área metropolitana, para o suposto de que se proceda á súa creación pola Comunidade Autónoma. Así mesmo, contéñense nesta parte final outras concrecións, como o prazo de subscrición do convenio a que se refire o artigo 6.3, ou a modificación da Lei de réxime do solo e valoracións.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Réxime especial de Barcelona.*

1. O municipio de Barcelona, capital de Cataluña, en virtude do previsto nos artigos 137 e 142 da Constitución e para a xestión efectiva dos seus respectivos intereses, goza das especialidades que lle reconece esta lei en materias de competencia estatal.

2. O réxime especial do municipio de Barcelona intégrase polo disposto nesta lei e na Lei do Parlamento de Cataluña 22/1998, do 30 de decembro, da Carta Municipal de Barcelona, en aplicación do disposto na disposición adicional sexta da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

3. En materia de organización dos municipios de gran poboación, unicamente serán de aplicación ao municipio de Barcelona as seguintes previsións do título X da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

a) A posibilidade de delegación da convocatoria e presidencia do Pleno nun dos concelleiros, prevista no artigo 122.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

b) A posibilidade de nomear como membros da Xunta de Goberno Local ou órgano que a substitúa persoas que non teñan a condición de concelleiras, sempre que o seu número non supere un terzo dos seus membros, excluído o alcalde, así como a previsión relativa ao número de membros electos precisos para a súa válida constitución, recollida no artigo 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local.

4. A atribución de competencias ao Concello de Barcelona efectuada nesta lei enténdese sen prexuízo das competencias asignadas con carácter xeral aos municipios pola lexislación básica sobre réxime local, así como pola lexislación sectorial reguladora dos distintos sectores da acción pública.

#### Artigo 2. *Garantía da autonomía municipal.*

1. De acordo coa autonomía garantida constitucionalmente aos municipios, o previsto no Estatuto de autonomía de Cataluña e o establecido na Carta Europea de Autonomía Local, recoñéceselle ao Concello de Barcelona o dereito e a capacidade efectiva para ordenar e xestionar os asuntos públicos que afecten os seus cidadáns, no marco do ordenamento xurídico, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

2. Para a efectividade da dita autonomía, esta lei atribúe ao Concello de Barcelona, de acordo coa súa capacidade de xestión, competencias en materia de infraestruturas, dominio público marítimo-terrestre, telecomunicacións, patrimonio histórico, mobilidade, seguranza cidadá, xustiza de proximidade e facenda

municipal. Así mesmo, e en cumprimento do previsto no artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a lexislación sectorial do Estado atribuirá, se é o caso, competencias no ámbito dos servizos e infraestruturas que sexan básicos para o desenvolvemento da cidade.

#### Artigo 3. *Cláusula xeral de competencias.*

O Concello de Barcelona poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades dos cidadáns que non estean expresamente atribuídos a outras administracións públicas. Así mesmo, poderá levar a cabo actividades e servizos complementarios aos desenvolvidos pola Administración estatal e autonómica.

#### Artigo 4. *Réxime financeiro especial.*

En aplicación do previsto no artigo 161 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, esta lei establece o réxime financeiro especial do municipio de Barcelona. No non regulado polo título IV desta, será de aplicación a normativa estatal en materia de facendas locais.

#### Artigo 5. *Comisión de Colaboración Interadministrativa.*

Créase unha comisión, integrada por representantes do Estado, a Xeneralidade de Cataluña e o Concello de Barcelona, que ten como función realizar os estudos para a mellor articulación do réxime local de Barcelona, propoñer criterios de desenvolvemento e aplicación desta Carta Municipal e avaliar os proxectos de colaboración entre as administracións representadas así como a súa aplicación. En cumprimento destes obxectivos, poderá propoñer formas de colaboración que levará a cabo mediante a subscrición dos correspondentes convenios.

## TÍTULO II

### Competencias do Concello de Barcelona

#### CAPÍTULO I

##### Participación no control e a xestión das infraestruturas e do dominio público do Estado

#### Artigo 6. *Participación na xestión de infraestruturas e servizos e bens de dominio público marítimo-terrestre.*

1. O Concello de Barcelona participará na xestión dos servizos de transporte e infraestruturas que sexan competencia do Estado e afecten directamente a cidade e, particularmente, no Porto de Barcelona, nos servizos ferroviarios estatais que afecten o seu termo municipal, e no aeroporto de El Prat, conforme o que se estableza na lexislación sectorial correspondente.

2. No caso do Porto de Barcelona, regulamentariamente poderase establecer, non obstante o previsto con carácter xeral polo artigo 40.2 da Lei 27/1992, do 24 de novembro, de portos do Estado e da mariña mercante, unha representación do Concello de Barcelona de ata o 20 por cento do total dos membros do Consello de Administración da Autoridade Portuaria, sempre que non se modifique a porcentaxe de representación atribuída á Administración xeral do Estado no devandito consello de administración.

3. O Concello de Barcelona participará na xestión e control dos bens de dominio público marítimo-terrestre do termo municipal, no marco dun Plan de xestión integrada do litoral, que se acordará mediante convenio entre o Ministerio de Medio Ambiente, a Xeneralidade de Cataluña e o Concello de Barcelona.

**Artigo 7. Xestión de infraestruturas e competencias municipais.**

A participación do Concello de Barcelona na xestión de infraestruturas de titularidade da Administración xeral do Estado non impedirá que o Concello exerza as súas competencias propias en materia de planeamento, xestión e disciplina urbanísticas, seguranza e policía local, protección civil e prevención e extinción de incendios, protección da salubridade pública, mobilidade e ordenación do tráfico de vehículos e persoas, ambiente e calquera outra que así mesmo corresponda ao Concello.

## CAPÍTULO II

### Bens inmobles

**Artigo 8. Expropiación de terreos para edificación de vivendas.**

Non procederá a reversión dos terreos expropiados se, en virtude de modificación ou revisión do planeamento que alterase o uso que motivou a expropiación, o novo uso consistise na construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.

**Artigo 9. Desafectación de inmobles do Estado.**

Cando se produza a desafectación de inmobles radicados no municipio de Barcelona, propiedade da Administración do Estado, destinados á prestación de calquera tipo de servizo público, incluídas as redes de instalacións e calquera outra infraestrutura, poderase proceder mediante convenio ao seu alleamento preferente ao Concello de Barcelona ou, se é o caso, ás entidades de dereito público que teñan atribuídas competencias en materia de vivenda, sempre que se vaian destinar a usos dotacionais públicos, á construción de vivendas de protección oficial de titularidade pública ou ao uso como vivenda de titularidade pública para aluguer. No convenio estableceranse as contraprestacións que deriven do alleamento, sen prexuízo do previsto no artigo 145 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

**Artigo 10. Cesión de bens: reversión.**

Na cesión de bens inmobles entre o Concello e a Administración xeral do Estado entenderase incluída a cláusula de reversión a favor do cedente cando se desafecten do uso ou do servizo que sexa causa da cesión, mesmo cando non se estipulase nos actos ou acordos en que se formalizase aquela.

**Artigo 11. Instalación subterránea das redes de servizos públicos e de interese xeral.**

1. Todas as instalacións propias das redes dos servizos públicos de subministracións e de interese xeral que discorran polo termo municipal deben ser subterráneas e axustar a súa localización e trazado ao planeamento urbanístico e, se é o caso, ás ordenanzas de utilización do dominio público municipal. Só en caso de concorrencia de urxencia ou de impracticabilidade técnica ou econó-

mica o Concello pode autorizar a súa instalación en superficie ou aérea.

2. As instalacións xa existentes no momento de entrada en vigor desta lei deben ser soterradas cando así o dispoña o planeamento urbanístico ou a correspondente ordenanza de utilización do dominio público municipal e nos prazos que un e outra establezan. A imposición do soterramento só dá lugar á indemnización unicamente polo importe do valor das instalacións existentes que non se deban considerar amortizadas no momento en que se deba efectuar o dito soterramento.

## CAPÍTULO III

### Telecomunicacións

**Artigo 12. Autorización municipal para a construción de redes de telecomunicacións.**

A construción, ampliación, reforma ou alteración de redes de telecomunicacións a que resulte de aplicación a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, que necesite a utilización do dominio público municipal, requirirá a obtención previa da correspondente autorización municipal, aínda que o novo tendido que se realice utilice canalizacións existentes. Estas autorizacións outorgaranse de conformidade co establecido polo planeamento urbanístico. Cando o dito planeamento non conteña as determinacións detalladas oportunas, o Concello poderá ditar as resolucións pertinentes para optimizar as canalizacións e dereitos de paso existentes co obxecto de establecer a súa utilización conxunta por parte de diferentes operadores, no marco do establecido pola normativa estatal vixente en materia de telecomunicacións.

**Artigo 13. Participación do Concello de Barcelona na ordenación e despregamento da rede. Instalación de antenas.**

O Concello de Barcelona participará na ordenación do proceso de despregamento da rede de telecomunicacións no seu termo municipal, e determinará as áreas máis óptimas de localización, concretando os puntos idóneos de localización mediante un estudo de detalle, logo de acordo cos operadores. A instalación de antenas de calquera tipo estará suxeita á licenza urbanística municipal. A concesión das ditas licenzas axustarase ao previsto polo planeamento urbanístico e as ordenanzas municipais. O establecemento de redes civís en zonas previamente definidas como de seguranza radioeléctrica requirirá autorización previa do Ministerio de Defensa.

**Artigo 14. Acceso dos cidadáns aos servizos de telecomunicacións.**

O Concello de Barcelona fomentará que os cidadáns poidan dispoñer de servizos de telecomunicacións de calidade que permitan a prestación de servizos avanzados e interactivos, con capacidade de adaptación á evolución das tecnoloxías e prestados en réxime de competencia. Con este fin promoverá que os cables, equipos e instalacións que sexan necesarios para a súa prestación poidan chegar aos domicilios nas condicións establecidas pola normativa vixente.

**Artigo 15. Redes propias de telecomunicacións.**

1. O Concello de Barcelona, como entidade prestadora de servizos públicos baseados en infraestruturas físicas de carácter continuo, poderá instalar redes propias

de telecomunicacións diferentes das doutros operadores.

2. A utilización destas redes poderá ser para uso propio ou de terceiros, con suxeición, neste último caso, aos principios de neutralidade, transparencia e non-discriminación e ao cumprimento dos requisitos exixidos pola normativa estatal vixente en materia de telecomunicacións.

## CAPÍTULO IV

### Patrimonio histórico

Artigo 16. *Bens do patrimonio histórico-artístico.*

Nos procedementos de declaración de bens de interese cultural, competencia da Administración xeral do Estado, relativos aos inmobles radicados no municipio de Barcelona, será preceptiva a emisión de informe por parte do Concello con carácter previo á resolución que poña fin ao procedemento.

## CAPÍTULO V

### Mobilidade

Artigo 17. *Ámbito material de aplicación das competencias do Concello de Barcelona en materia de mobilidade.*

Nos termos desta lei e da lexislación sobre tráfico, circulación e seguraza viaria, o Concello de Barcelona exerce as competencias que ten atribuídas en materia de tráfico, circulación e seguraza viaria sobre as vías urbanas e sobre as travesías, cando estas fosen declaradas vías urbanas, así como sobre calquera espazo aberto á libre circulación de persoas, animais e vehículos, sen prexuízo das competencias que por razóns de seguraza cidadá correspondan a outras administracións nos mesmos ámbitos territoriais.

Artigo 18. *Potestade normativa. Regulación do tráfico mediante ordenanzas.*

1. O Concello de Barcelona regula mediante as correspondentes ordenanzas municipais os distintos usos das vías a que se refire o artigo 17, e establece as modalidades e procedementos para a ordenación, vixilancia, control do tránsito de persoas, animais e vehículos, coa finalidade de harmonizar os distintos usos, incluídos o peonil, o de circulación, o de estacionamento, o deportivo e o lúdico, e facelos compatibles de forma equilibrada coa garantía da seguraza viaria, a mobilidade e fluidez do tráfico, a protección do ambiente e a protección da integridade dos espazos públicos e privados.

2. As ordenanzas que regulan o tránsito poden tipificar infraccións e determinar sancións para facer efectivos os seus mandatos, de acordo cos criterios establecidos polas leis.

3. En especial, as ordenanzas establecerán os límites a partir dos cales se considerará prohibida a emisión de perturbacións electromagnéticas, ruidos, gases e outros contaminantes, sobre as vías e espazos a que se fai referencia no artigo 17 desta lei. As ordenanzas establecerán tamén os procedementos e mecanismos precisos para controlar e sancionar, se é o caso, os titulares e usuarios dos vehículos de motor e ciclomotores cando se faga un uso indebido dos sinais acústicos, emitan fumes ou gases contaminantes ou se produzan sons molestos con tales vehículos.

Cando os feitos descritos sexan considerados graves e reiterados, sen prexuízo da imposición, se é o caso, da sanción que corresponda, poderá establecerse mediante ordenanza municipal a inmovilización cautelar do vehículo ou ciclomotor, e a intervención do permiso ou licenza de circulación deste, concedéndoselle ao titular do vehículo un prazo de cinco días para que proceda a emendar as deficiencias que motiven as perturbacións citadas no parágrafo anterior.

Artigo 19. *Ordenación, vixilancia e control do tráfico. Medidas cautelares.*

1. No ámbito da ordenación, vixilancia e control do tráfico corresponden ao municipio de Barcelona, en todo caso, as seguintes competencias propias:

a) A ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas ditas vías e a sanción destas de acordo coa lexislación vixente.

b) A vixilancia e control do tráfico, tráfico de paso e circulación de vehículos nas vías públicas urbanas e en travesías que teñan a consideración de vías urbanas, así como a denuncia das infraccións e a sanción destas, sen prexuízo das competencias que ao respecto correspondan á policía autonómica no que a vías interurbanas se refire.

c) A colaboración coa Administración competente na sinalización, xestión e regulación do tráfico en vías interurbanas, así como en travesías, mediante fórmulas de cooperación ou de delegación.

d) A adopción de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social.

e) A aprobación de plans de seguraza viaria e de mobilidade para todo o ámbito territorial do municipio.

f) A autorización de probas deportivas cando discorran íntegra e exclusivamente polo núcleo urbano, exceptuadas as travesías, salvo que estas teñan a consideración de vías urbanas. Así mesmo corresponderalle a vixilancia e protección das que autorice.

O informe, que será preceptivo, para a autorización de probas deportivas cando discorran en parte do seu percorrido polo termo municipal de Barcelona.

g) A adopción das medidas necesarias para a concesión da tarxeta de aparcamento para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade ou para terceiros que teñan recoñecida tal condición e para a efectividade dos dereitos que desta derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea do 4 de xuño de 1998 sobre creación dunha tarxeta de estacionamento para as persoas con discapacidade.

h) Calquera outra competencia que lle atribúan as leis ou que lle sexan delegadas por outra Administración pública.

2. Corresponderá tamén ao Concello de Barcelona adoptar as seguintes medidas cautelares tendentes a garantir a seguraza viaria e o respecto da normativa que regula a ordenación do tráfico na cidade:

a) A inmovilización dos vehículos en vías urbanas cando non se encontren provistos de título que habilite o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou excedan a autorización concedida ata que se logre a identificación do seu condutor. A retirada dos vehículos das vías urbanas e o posterior depósito daqueles cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta ou se encontren incorrectamente aparcados nas zonas de

estacionamento restrinxido, nas condicións previstas para a inmovilización neste mesmo artigo. Igualmente, a retirada de vehículos nas vías interurbanas e o posterior depósito destes, nos casos e condicións que regulamentariamente se determinen.

b) A realización das probas, regulamentariamente establecidas, para determinar o grao de intoxicación alcohólica, por estupefacientes, psicotrópicos ou estimulantes, dos condutores que circulen polas vías públicas en que ten atribuída a vixilancia e o control da seguranza da circulación viaria.

c) O establecemento de limitacións e restricións temporais ou permanentes á circulación de determinados vehículos, así como o peche á circulación de vías urbanas cando sexa necesario para preservar a seguranza viaria, o ambiente, ou a protección do patrimonio, nos supostos e forma que se establezan por ordenanza municipal.

3. A competencia para impoñer sancións prevista nas alíneas a) e b) do punto primeiro inclúe, se é o caso, a de acordar a intervención cautelar do permiso de circulación do vehículo. Nos casos en que, de acordo coa lexislación aplicable, as sancións firmes poidan supoñer a suspensión do permiso de conducción, o Concello comunicará a Administración competente para os efectos correspondentes.

#### Artigo 20. *Exercicio da potestade sancionadora.*

1. De acordo coa potestade de autoorganización municipal, o exercicio da potestade sancionadora por infraccións a normas de circulación corresponderá ao órgano municipal competente. A dita competencia poderá ser desconcentrada ou delegada.

2. O órgano competente para o exercicio da potestade sancionadora por infraccións a normas de circulación deberá ditar resolución por escrito salvo que os órganos administrativos exerzan a súa competencia de forma verbal, caso en que o titular da competencia deberá autorizar unha relación das que ditase de forma verbal con expresión do seu contido, de conformidade co previsto na lexislación do procedemento administrativo común.

#### Artigo 21. *Inmovilización dos vehículos.*

1. Ademais dos outros supostos previstos na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor, e seguranza viaria, os axentes da autoridade poderán inmovilizar os vehículos e prohibir a súa circulación nos casos de superar os niveis de gases, fumes e ruídos permitidos polas ordenanzas municipais segundo o tipo de vehículo, de acordo co que dispón o artigo 18.3 da presente lei, mentres non sexan emendadas as deficiencias que orixinan as molestias.

2. Así mesmo, poderán ser inmovilizados os vehículos nos supostos de incumprimento das normas sobre estacionamento a que se refire o artigo 19 desta lei.

3. Os axentes da autoridade poderán inmovilizar un vehículo se comprobán que non foi solicitada a renovación do seu permiso de circulación, cando varíe a titularidade daquel, dentro do prazo sinalado para tal fin polas normas regulamentariamente establecidas.

4. Os axentes da autoridade poderán denunciar o titular do vehículo no caso de que sexa residente en Barcelona se incumprise a obriga de acreditar, xunto á documentación preceptiva do vehículo, o documento que xustifique o pagamento ou a exención, se é o caso, do imposto de vehículos de tracción mecánica a que se refire o artigo 23.2.

#### Artigo 22. *Retirada dos vehículos.*

1. Ademais dos outros supostos previstos na Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor, e seguranza viaria, os axentes da autoridade procederán á retirada dos vehículos das vías urbanas e travesías a que se refire o artigo 17 e o posterior depósito daqueles cando obstaculicen ou dificulten a circulación ou supoñan un perigo para esta ou se encontren incorrectamente aparcados nas zonas de estacionamento restrinxido.

2. Os axentes da autoridade poderán ordenar a retirada de vehículos de forma remota mediante a constatación de que concorren os supostos previstos na normativa aplicable, a través de fotografías, filmación dixital ou outros medios tecnolóxicos.

3. A ordenanza municipal poderá recoller, de acordo coa normativa vixente na materia, os requisitos e garantías que deben reunir os aparellos a través dos cales se efectúe a captación, transmisión de imaxes e a súa incorporación ao expediente administrativo.

4. Os axentes da autoridade poderán proceder á retirada e depósito dun vehículo nos casos en que se comprobe que circula sen estar provisto do correspondente seguro obrigatorio de vehículos, sen prexuízo das competencias sancionadoras que se establecen na lexislación específica.

#### Artigo 23. *Distintivos dos vehículos.*

1. Co fin de acreditar o cumprimento da obriga de aseguramento do vehículo, o Concello pode crear e regular, mediante a correspondente ordenanza, un distintivo, para os que estean domiciliados no municipio de Barcelona, para a súa exhibición no vehículo, sen prexuízo do disposto no artigo 22.4.

2. Para os vehículos cuxo titular sexa residente na cidade de Barcelona poderase impoñer a obriga de exhibir un adhesivo nun lugar visible do vehículo, co fin de xustificar o pagamento ou a exención, se é o caso, do imposto de vehículos de tracción mecánica. En todo caso, se tal obriga non se impuxese, o titular do vehículo, cando fose requirido para iso polos axentes da autoridade, deberá acreditar o cumprimento das súas obrigas fiscais na materia exhibindo o preceptivo xustificante.

3. Os referidos distintivos, no suposto de que fosen implantados, serán regulados polo Concello nas súas características e uso, a súa posible substitución por outros medios, incluso dixitais, que lles permitan aos axentes da autoridade controlar, con inmediatez, o cumprimento daquelas obrigas.

#### Artigo 24. *Persoal auxiliar da garda urbana.*

1. O Concello poderá nomear persoal auxiliar para controlar a adecuada utilización das paradas e estacionamentos na vía pública e denunciar as condutas contrarias ás normas que regulen a súa utilización.

2. As denuncias realizadas por persoal auxiliar, sen prexuízo das formalidades e requisitos de procedemento exixidos pola norma, serán utilizadas como elemento probatorio para acreditar os feitos obxecto das denuncias. Ao expediente administrativo que se poida instruír incorporárase unha imaxe do vehículo, xa sexa en fotografía, filmación dixital ou outros medios tecnolóxicos, que permitan acreditar os feitos da denuncia formulada.

#### Artigo 25. *Ordenación do tráfico.*

1. Para o exercicio das funcións de ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no núcleo urbano, de acordo co establecido nas normas de circulación, por acordo do Consello Municipal poderán crearse un corpo de funcionarios, de

conformidade coa autorización contida no número 3 do artigo 53 da Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguranza, engadido pola disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro.

2. Os ditos funcionarios non se integrarán nas forzas e corpos de seguranza e, no exercicio das súas funcións, terán a consideración de axentes da autoridade subordinados aos membros da garda urbana do Concello de Barcelona.

#### Artigo 26. *Notificación das sancións.*

1. As notificacións que se deban practicar na tramitación dos procedementos sancionadores en materia de tráfico poderánselle encomendar a persoal auxiliar. Nos casos debidamente acreditados no expediente administrativo en que este persoal auxiliar intentase a notificación e non fose posible o libramento, en que se descoñeza o domicilio do interesado ou este estea ausente do seu domicilio, entenderase cumprido o trámite mediante a publicación no *Boletín Oficial* da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

2. En todo caso, o Concello debe fomentar que os cidadáns poidan recibir, ademais da notificación efectuada conforme o previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, comunicacións dos procedementos sancionadores que os afecten a través de medios tecnolóxicos, informáticos, de telecomunicacións ou a través da súa exposición pública na sede municipal máis próxima ao domicilio do interesado.

#### Artigo 27. *Procedementos de recadación e embargo.*

1. De acordo coa potestade de autoorganización municipal, a competencia para a iniciación, tramitación e resolución de procedementos de recadación executiva das sancións de circulación corresponderalles aos órganos municipais competentes.

2. A tramitación dos procedementos de recadación executiva realizarase de conformidade coas normas xerais de aplicación. Exceptúase destas regras a orde que se vaia observar no embargo de bens do debedor, suposto en que, inmediatamente despois do diñeiro en efectivo ou en contas abertas nas entidades de depósito, se poderá proceder ao embargo do vehículo co cal se cometeu a infracción obxecto da sanción, sen prexuízo de seguir despois a orde establecida nas normas de recadación correspondentes.

#### Artigo 28. *Gastos por inmovilización do vehículo.*

Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do titular, que deberá aboalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo a levantar tal medida.

#### Artigo 29. *Colaboración interadministrativa.*

As autoridades municipais competentes para impoñer as sancións de circulación poderán solicitar doutras autoridades doutras administracións do mesmo ou de distinto nivel, de acordo co principio de colaboración interadministrativa e os oportunos convenios, a execución das ordes de embargo que tramitasen respecto a infractores que fosen sancionados polo Concello de Barcelona, sen prexuízo do establecido no artigo 8 do texto refundido da Lei de facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

## CAPÍTULO VI

### Seguranza cidadá

#### Artigo 30. *Competencias do Concello de Barcelona.*

1. Correspóndelle ao Concello de Barcelona colaborar coas administracións competentes na prevención, mantemento e restablecemento da seguranza cidadá, e tratar de a garantir no referente a aqueles actos que ocasionen molestia social ou danos sobre bens e persoas na vía pública, sen prexuízo das competencias que nesta materia lle atribúe a Lei de Cataluña 22/1998, do 30 de decembro, da Carta municipal de Barcelona, e o resto da lexislación vixente.

2. As ordenanzas municipais poderán considerar como infracción administrativa tanto a prestación de servizos a subministración de bens no espazo público sen licenza municipal como a demanda ou adquisición de tales servizos ou bens. En garantía do cumprimento das ordenanzas, os axentes da autoridade poderán comisar os útiles, xénero e diñeiro, se é o caso, obxecto da infracción administrativa.

3. Na imposición de sancións polo incumprimento de deberes, prohibicións ou limitacións contidos nas ordenanzas por resolución motivada do órgano que resolva o expediente sancionador, poderase substituír a sanción económica por traballos en beneficio da comunidade, a asistencia obrigatoria a cursos de formación, a sesións individualizadas ou calquera outra medida alternativa que teña a finalidade de sensibilizar o infractor sobre cales son as normas de conduta no espazo urbano ou reparar o dano moral das vítimas.

#### Artigo 31. *Participación do Estado na Xunta Local de Seguranza de Barcelona.*

1. A Xunta Local de Seguranza de Barcelona exerce as funcións que lle atribúe a súa normativa reguladora.

2. Nas sesións da Xunta Local de Seguranza de Barcelona poderán participar como vogais, de acordo coa Administración do Estado, os mandos das Forzas e Corpos de Seguranza do Estado que teñan responsabilidades funcionais no municipio, así como, se é o caso, un xuíz ou maxistrado designado pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza e un fiscal designado polo fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza.

#### Artigo 32. *Participación de membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal nos órganos consultivos e de participación cidadá en materia de seguranza cidadá do Concello de Barcelona.*

No suposto de que o Concello de Barcelona constitúa un órgano consultivo e de participación en materia de seguranza cidadá, a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña e o fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña poderán designar representantes no dito órgano.

#### Artigo 33. *Competencias do alcalde de Barcelona en materia de seguranza.*

O alcalde de Barcelona, en materia de execución de acordos da Xunta Local de Seguranza, dispón das competencias que ao respecto lle outorga a lexislación estatal e autonómica. O alcalde informará anualmente o Pleno acerca do seguimento dos acordos da Xunta Local de Seguranza.



**Artigo 34. A Garda Urbana de Barcelona.**

A Garda Urbana de Barcelona, baixo a dependencia xerárquica do alcalde de Barcelona, actúa como policía administrativa, policía de seguraza e asistencial e policía xudicial, nos termos da normativa estatal e autonómica de aplicación.

**Artigo 35. A Garda Urbana de Barcelona como policía administrativa e policía de seguraza.**

A Garda Urbana de Barcelona como policía administrativa e de seguraza exerce todas aqueles competencias que lle atribúen a normativa estatal e autonómica de aplicación.

### TÍTULO III

#### Xustiza de proximidade

**Artigo 36. A Administración de xustiza na cidade de Barcelona.**

O poder xudicial e o servizo público da Administración de xustiza na cidade de Barcelona exerce os órganos xurisdicionais actualmente determinados na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.

**Artigo 37. Natureza da xustiza de proximidade.**

1. A xustiza de proximidade poderase implantar no termo municipal da cidade de Barcelona de conformidade co que dispoña a Lei orgánica do poder xudicial.

2. A súa natureza, constitución, competencias, demarcación, funcionamento e financiamentos regularanse conforme determinen, se é o caso, a Lei orgánica do poder xudicial e as respectivas leis sectoriais.

3. A lingua catalá utilizarase na xustiza de proximidade de acordo co que dispoña a lexislación vixente en Cataluña, en especial a Lei orgánica do poder xudicial.

### TÍTULO IV

#### Réxime financeiro especial

##### CAPÍTULO I

#### Principios xerais do réxime financeiro especial

**Artigo 38. Principios da Facenda municipal de Barcelona.**

A Facenda municipal de Barcelona axústase aos principios seguintes:

a) Suficiencia financeira para o desempeño das funcións que a lei lle atribúe ao municipio de Barcelona, de acordo co previsto no artigo 142 da Constitución.

b) Autonomía para establecer e exixir tributos e prezos públicos de conformidade coa Constitución e as leis.

c) Equidade, capacidade económica, xustiza, xeneralidade, igualdade, progresividade e non-confiscatoriedade.

d) Solidariedade no marco da cooperación internacional.

**Artigo 39. Recursos da Facenda municipal de Barcelona.**

A Facenda municipal de Barcelona estará constituída por:

a) Os ingresos procedentes do seu patrimonio e outros de dereito privado.

b) Os tributos propios, incluídos os de carácter non fiscal que se poidan crear por lei.

c) As participacións nos ingresos do Estado e da Xeneralidade de Cataluña e, se é o caso, a cesión de tributos destas administracións.

d) As subvencións e transferencias.

e) Os prezos públicos.

f) As recargas legalmente previstas sobre os tributos das comunidades autónomas ou doutras entidades locais.

g) Os procedentes de operacións financeiras e de crédito.

h) O produto das multas e sancións.

i) As demais prestacións de dereito público.

### CAPÍTULO II

#### Os recursos tributarios

##### SECCIÓN I. NORMAS COMÚNS

**Artigo 40. Normativa aplicable.**

A aplicación das disposicións en materia tributaria do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, terá lugar no municipio de Barcelona coas especialidades recollidas neste capítulo.

**Artigo 41. Bonificacións en tributos locais.**

1. A Concello de Barcelona poderá, mediante ordenanza fiscal, establecer unha bonificación de ata un máximo do 5 por cento na cota líquida dos tributos locais coa finalidade de fomentar a colaboración na recadación destes.

2. Igualmente, o Concello de Barcelona poderá, mediante ordenanza fiscal, establecer unha bonificación de ata un máximo do 5 por cento na cota líquida dos tributos locais coa finalidade de fomentar actividades de contido social, cultural, histórico-artístico ou de fomento do emprego priorizadas no Plan xeral de acción municipal, se este así o establece expresamente. Esta bonificación acordaraa o Consello Municipal, por solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

**Artigo 42. A autoliquidación en tributos locais.**

1. O procedemento de autoliquidación poderase aplicar a todos os tributos e prezos públicos municipais, tanto no momento de alta como nos pagamentos anuais periódicos, nos termos establecidos nas ordenanzas fiscais.

2. As ordenanzas regularán tamén os casos e o procedemento en que as ditas autoliquidacións se poidan realizar a través dunha única autoliquidación anual integrada.

**Artigo 43. Especialidades na recadación dos tributos municipais.**

1. A recadación en período voluntario dos tributos municipais poderase efectuar nun só recibo, cando así o establezan as ordenanzas fiscais. Se é o caso, a ordenanza fiscal poderá establecer que a cota resultante do recibo único se ingrese por doceavas partes en cada un dos meses do ano natural.

2. O Concello de Barcelona poderá refundir as taxas, contribucións especiais e prezos públicos que recaian sobre o mesmo suxeito pasivo e teñan bases impositibles

análogas. En ningún caso a refundición pode implicar un gravame global de importe superior ao do conxunto das exaccións refundidas ou unificadas.

3. As ordenanzas reguladoras de cada unha das taxas, contribucións especiais e prezos públicos a que se refire o punto anterior poderanse refundir nunha soa que comprenda os diversos tributos refundidos.

#### Artigo 44. *Colaboración coa Administración tributaria.*

Os funcionarios públicos, incluídos os profesionais oficiais, estarán obrigados a colaborar coa Administración tributaria municipal subministrando toda clase de información con transcendencia tributaria de que dispoñan, nos termos que establezan as ordenanzas fiscais municipais dentro do previsto na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

#### Artigo 45. *Órgano competente para a aplicación dos tributos e demais ingresos de dereito público municipais.*

1. A xestión, inspección e recadación dos tributos, prezos públicos municipais, multas e outros ingresos de dereito público levarase a cabo por calquera das formas de xestión directa por entes de dereito público establecidas nas alíneas a) e b) do número 3 do artigo 45 da Lei do Parlamento de Cataluña 22/1998, do 30 de decembro, de Carta Municipal de Barcelona. Para a súa aplicación estableceranse servizos de colaboración con entidades de crédito e de aforro.

2. A providencia de constrinximento, así como os sucesivos actos posteriores ata a finalización do procedemento de recadación, serán ditados polo órgano que leve a cabo as funcións expresadas no punto anterior.

#### Artigo 46. *Recursos contra os actos de aplicación dos tributos e ingresos de dereito público municipais.*

1. Contra os actos da Administración municipal de aplicación dos tributos locais e outros ingresos de dereito público que sexan de competencia municipal poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante o alcalde, aplicándose o réxime xurídico do recurso regulado no artigo 14 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. A resolución deste recurso de alzada pon fin á vía administrativa e contra ela só cabe a interposición do recurso contencioso-administrativo.

3. O recurso de alzada a que se refire este artigo enténdese sen prexuízo dos supostos en que a lei prevé a reclamación económico-administrativa contra actos ditados en vía de xestión dos tributos locais.

#### Artigo 47. *Consello Tributario.*

1. O Consello Tributario é o órgano especializado ao cal se lle encomendan, nos termos previstos no seu regulamento orgánico, as seguintes funcións:

a) Emitir ditame sobre as propostas de resolución de recursos interpostos contra os actos de aplicación dos tributos e prezos públicos e demais ingresos de dereito público.

b) Emitir informe, con carácter previo á súa aprobación provisional, sobre as ordenanzas reguladoras dos ingresos de dereito público.

c) Atender as queixas e suxestións que presenten os contribuíntes sobre o conxunto da actividade tributaria municipal.

d) Elaborar estudos e propostas en materia tributaria, cando o soliciten os órganos municipais competentes.

2. O funcionamento do Consello Tributario basease en criterios de independencia técnica, obxectividade, celeridade e gratuidade. A súa composición, competencias, organización e funcionamento regularase, no non determinado por esta lei, polo regulamento orgánico.

3. O regulamento orgánico, consonte a lexislación tributaria de carácter xeral, poderá regular a posibilidade de substituír a proposta de resolución do recurso de alzada por procedementos de conciliación ou mediación, cando se trate de impugnacións de bases impositivas dos tributos locais.

4. O Consello Tributario estará constituído por un mínimo de tres e un máximo de nove membros, designados por decreto de Alcaldía entre persoas de recoñecida competencia técnica na materia que lle é propia, oídos os portavoces dos diferentes grupos municipais e dándolle conta ao Consello Municipal.

5. O mandato dos membros do Consello Tributario será de catro anos, renovable por outros catro. A renovación farase por metades cada dous anos, despois da constitución do Consistorio e á metade do período interelectoral. Durante o seu mandato os membros do Consello serán inamovibles.

6. O Consello Municipal aprobará o Regulamento orgánico do Consello Tributario e este poderase dotar de normas internas de funcionamento, no marco desta lei e do Regulamento orgánico municipal.

#### Artigo 48. *Beneficios fiscais por razón de mecenado.*

Os beneficios fiscais establecidos para as doazóns, donativos e achegas por razón de mecenado serán de aplicación aos que se realicen en favor do Concello de Barcelona e ás entidades sen fins lucrativos en que este participe, cando se cumpran os requisitos previstos na Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

## SECCIÓN II. IMPUESTOS

#### Artigo 49. *Imposto sobre bens inmoables.*

1. Correspóndelle ao municipio de Barcelona, no seu ámbito territorial, a xestión tributaria do imposto sobre os bens inmoables.

No marco da normativa aplicable, corresponde ao municipio de Barcelona, en relación coa xestión catastral, o exercicio das funcións seguintes:

a) A notificación dos valores catastrais.

b) Emitir informe sobre os recursos que se interpoñan, ante a Administración competente, contra a aprobación dos cadros de valores catastrais.

2. O resto das funcións catastrais, salvo as previstas no segundo parágrafo do artigo 4 do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, poderán ser exercidas polo Concello de Barcelona a través das oportunas fórmulas de colaboración, incluídas as consorciais, que se acorden coa Administración competente.

#### Artigo 50. *Imposto sobre construcións, instalacións e obras.*

O pagamento da cota que resulte da liquidación provisional do imposto será condición necesaria para a obtención da licenza de obras.

**Artigo 51. *Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.***

1. Nos feitos impositivos deste tributo cuxo período de xeración sexa inferior ao ano, coa excepción das transmisións gratuítas por causa de morte, a base impositiva calcularase aplicando ao valor do terreo no momento do devengo, derivado do disposto nos números 2 e 3 do artigo 107 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a porcentaxe de incremento que estableza a ordenanza fiscal, sen superar o límite do 5 por cento anual.

2. A porcentaxe anual de incremento que aprobe a ordenanza fiscal aplicarase en función dos meses completos durante os cales se xerase o incremento gravado.

**Sección III. *Taxas***

**Artigo 52. *Taxas.***

O municipio de Barcelona poderá exixir taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular os suxeitos pasivos, nos casos que se establecen nas disposicións de réxime común.

**SECCIÓN IV. *CONTRIBUCIÓNS ESPECIAIS***

**Artigo 53. *Contribucións especiais.***

1. Constitúe o feito impositivo das contribucións especiais a obtención polo suxeito pasivo dun beneficio ou dun aumento de valor dos seus bens, como consecuencia da realización de obras públicas ou do establecemento ou ampliación dos servizos públicos de carácter local polo municipio de Barcelona.

2. Cando a realización das obras ou o establecemento ou ampliación dos servizos supoñan a mellora, renovación ou rehabilitación dunha zona, deberase aprobar un expediente previo da súa delimitación, en que se deberán incluír todos aqueles estudos, de carácter urbanístico e económico, que acrediten a necesidade de impoñer as contribucións especiais no ámbito territorial de que se trate.

3. No suposto do punto anterior, o suxeito pasivo terá a opción de satisfacer a cota que lle corresponda nun só ou diversos pagamentos durante o período de execución da obra ou implantación do servizo, ou fraccionala no máximo prazo que establece o expediente de imposición. Neste último caso, o Concello exixirá o pagamento dos xuros correspondentes.

**CAPÍTULO III**

**Participacións, subvencións e transferencias**

**Artigo 54. *Participación do municipio de Barcelona nos tributos do Estado.***

1. O municipio de Barcelona participará nos ingresos do Estado de acordo co previsto no capítulo terceiro do título segundo do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como no disposto no artigo 161 da citada lei, considerando as reformas que a dita normativa poida ter no futuro, a través dun sistema de cesión e/ou participación nos impostos estatais.

2. O financiamento de institucións con ampla proxección e relevancia do municipio de Barcelona terá

lugar nos termos previstos nos convenios a que se refire o artigo 5 desta lei.

3. O financiamento da área metropolitana de Barcelona producirase de acordo co establecido na disposición adicional segunda.

**Artigo 55. *Subvencións e transferencias.***

O Concello poderá solicitar e, se é o caso, recibir subvencións e transferencias de programas da Administración do Estado, da Xeneralidade ou doutras administracións incluídas as europeas, internacionais, públicas ou entes privados, respectando en calquera caso as regulacións vixentes.

**CAPÍTULO IV**

**Planificación económica, orzamento e gasto público**

**SECCIÓN I. *PLANIFICACIÓN ECONÓMICA***

**Artigo 56. *Sistema de planificación do Concello de Barcelona.***

1. O sistema de planificación do Concello de Barcelona comprendido neste artigo poderá ser desenvolvido a través do correspondente regulamento orgánico municipal, e comprenderá os seguintes instrumentos:

- a) O Programa de actuación municipal.
- b) O Plan de investimentos.
- c) O Plan financeiro.
- d) Os orzamentos xerais do municipio.
- e) O Plan de tesouraría.

2. O Programa de actuación municipal, proposto polo equipo de goberno e aprobado polo Pleno, cunha vixencia igual á do mandato, comprende os obxectivos e políticas que se prevé levar a cabo nos catro anos do mandato electoral nas diferentes actividades e servizos realizados polo Concello de Barcelona e as súas entidades e sociedades mercantís dependentes. Durante a súa vixencia o plan poderá ser obxecto de modificación ou revisión.

O Programa de actuación municipal ten natureza de directriz e como tal debe ser seguido por todos os órganos de goberno municipais en relación ás finalidades e obxectivos que estableza.

3. O Plan de investimentos, proposto polo equipo de goberno e aprobado polo Pleno, incorpora os proxectos de investimento que se prevén realizar nos catro anos do mandato. Este plan será obxecto de revisión anual; deberá ser aprobado cada proxecto de investimento incluído nel polo órgano competente municipal, en función da súa contía e duración, debéndose incorporar nos orzamentos anuais da corporación.

4. O Plan financeiro, aprobado polo órgano competente do Concello, establece os obxectivos e políticas económico-financeiras que se levarán a cabo nos catro anos do mandato municipal, integrando as diversas accións previstas no Programa de actuación municipal e no Plan de investimentos e realizando unha previsión do seu financiamento. Deste plan deberá darse conta ao Pleno e terá que ser obxecto de revisión anual.

5. Os orzamentos xerais do municipio constitúen a expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo, poden recoñecer a entidade e os seus organismos locais e dos dereitos que prevexan liquidar durante o correspondente exercicio, así como das previsións de ingresos e gastos das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís dependentes do municipio.

6. Co obxecto de lle dar cumprimento ao principio de solidariedade recollido no artigo 38.d) desta lei, nos orzamentos xerais do municipio de cada ano concretarase, a través dun proceso de cooperación cidadá, a asignación de créditos, de acordo en cada momento coas recomendacións dos organismos internacionais.

7. O Plan de tesouraría aprobado polo órgano competente municipal prevé os cobramentos e pagamentos do Concello de Barcelona no correspondente exercicio orzamentario e, como consecuencia, os excedentes e déficit transitorios de tesouraría, co propósito de administrar os fondos de maneira que permitan satisfacer puntualmente as obrigas de pagamento, debéndose recoller a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores. O plan revisarase mensualmente en función da evolución orzamentaria.

#### Artigo 57. *Administración dos sistemas de planificación.*

A administración dos sistemas de planificación será competencia do órgano especializado que determine o Regulamento orgánico municipal.

#### Artigo 58. *Principios que informan a xestión económico-financiera.*

Os principios que informarán a xestión económico-financiera son os seguintes:

- a) A separación da fiscalización da xestión do sistema contable.
- b) O sistema contable basearase nos principios contables xeralmente aceptados e a súa organización axustarase ás normas que aprobe o Ministerio de Economía e Facenda.
- c) O orzamento será o ámbito en que se realizará a fiscalización e o control de legalidade orzamentaria.
- d) O seguimento dos custos dos servizos.
- e) O establecemento da auditoría externa das contas individuais e consolidadas do Concello e dos seus organismos autónomos locais, entidades públicas empresariais e sociedades mercantís, de acordo cos principios contables de xeral aceptación. A auditoría estará á disposición do Consello Municipal antes da aprobación das contas xerais.
- f) A asignación de recursos, consonte os principios de eficacia e eficiencia, farase en función da definición e o cumprimento de obxectivos.

### SECCIÓN II. CONTABILIDADE

#### Artigo 59. *Sistema de información contable: estrutura.*

1. O sistema de información contable do Concello de Barcelona estará integrado polos seguintes subsistemas:

- a) Contabilidade orzamentaria.
- b) Contabilidade patrimonial.
- c) Contabilidade analítica.
- d) Consolidación de contas.

2. O Concello de Barcelona e os seus organismos autónomos locais quedan sometidos ao réxime de contabilidade pública. As sociedades mercantís en cuxo capital teña participación total ou maioritaria o Concello de Barcelona estarán sometidas ao réxime de contabilidade pública nos termos do número 2 do artigo 200 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

#### Artigo 60. *Contabilidade patrimonial.*

A contabilidade patrimonial realizarase de acordo cos principios contables xeralmente aceptados e permitirá determinar o resultado económico-patrimonial.

#### Artigo 61. *Contabilidade analítica.*

A contabilidade analítica porá de manifesto e permitirá o control dos custos e rendementos das actividades e servizos municipais.

#### Artigo 62. *Consolidación contable.*

A consolidación contable integrará as contas do Concello de Barcelona, dos seus organismos autónomos locais, as entidades públicas empresariais e as sociedades mercantís dependentes.

#### Artigo 63. *Sistema de información contable: procedementos.*

1. O sistema de información contable desenvolveuse en soportes informatizados que incorporarán os principais avances tecnolóxicos en materia de transmisión, tratamento de datos e xestión de expedientes.

2. A organización e os procedementos administrativos e de control adaptaranse ás características tecnolóxicas do sistema.

#### Artigo 64. *Sistema contable, contas anuais e conta xeral.*

A administración do sistema contable e a formulación das contas anuais e da conta xeral serán competencia do órgano especializado baixo a responsabilidade do órgano de xestión que estableza o Regulamento orgánico municipal, sen prexuízo das funcións de fiscalización da conta xeral por parte da intervención que as renderá ante a Comisión de Contas.

### SECCIÓN III. OPERACIÓNS DE CRÉDITO E TESOURARÍA

#### Artigo 65. *Tesouraría. Xestión da recadación.*

1. Constitúen a Tesouraría do Concello todos os recursos financeiros, sexan diñeiro, valores ou créditos, tanto para operacións orzamentarias como non orzamentarias.

2. As dispoñibilidades da tesouraría e as súas variacións quedan suxeitas a intervención e ao réxime de contabilidade pública.

#### Artigo 66. *Financiamento. Crédito público e privado.*

Para o financiamento dos investimentos, así como para a substitución total ou parcial de operacións preexistentes, o Concello de Barcelona, os seus organismos autónomos, os seus entes dependentes e sociedades mercantís que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos comerciais, poderán acudir ao crédito público e privado a longo prazo, en calquera das súas formas.

#### Artigo 67. *Débeda pública.*

A débeda pública do Concello de Barcelona e os títulos-valores de carácter equivalente emitidos por este desfrutarán dos mesmos beneficios e condicións que a débeda pública emitida polo Estado, nos termos establecidos no artigo 49 do texto refundido da Lei reguladora

das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

#### Artigo 68. *Informe da Intervención.*

A concertación ou modificación de calquera operación deberase acordar logo do informe da Intervención en que se analizará, especialmente, a capacidade da entidade local para lles facer fronte, no tempo, ás obrigas que deriven daquelas.

#### Artigo 69. *Concertación de operacións de crédito a longo prazo.*

O alcalde poderá concertar as operacións de crédito a longo prazo previstas no orzamento cuxo importe acumulado, dentro de cada exercicio económico, non supere o 10 por cento dos recursos de carácter ordinario previstos no dito orzamento. Unha vez superado este límite, a aprobación corresponderalle ao Pleno do Consello Municipal.

Para a concertación polo Concello de Barcelona, os seus organismos autónomos, entidades públicas e sociedades mercantís dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente con ingresos de mercado, de novas operacións de crédito a longo prazo, en calquera das súas modalidades, non se requirirá ningunha autorización externa sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que dos estados financeiros que reflectan a liquidación dos orzamentos, os resultados correntes e os resultados da actividade ordinaria do último exercicio, se deduza un aforro neto positivo. Para estes efectos entenderase por aforro neto o definido no punto 2 do artigo 53.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

b) Cando o volume total do capital vivo das operacións de crédito vixentes a curto e a longo prazo, incluído o risco dos avais e o importe da operación proxectada, sexa igual ou inferior ao 110 por cento dos ingresos correntes liquidados ou devengados no exercicio inmediatamente anterior, segundo as cifras deducidas dos estados contables consolidados do Concello de Barcelona e dos entes citados anteriormente. Para estes efectos, seguiranse os criterios de cómputo previstos no artigo 53.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

c) Cando se cumpra o principio de estabilidade orzamentaria establecido na Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

En caso de que non se cumpra algunha das condicións citadas, o Concello de Barcelona terá que solicitar autorización aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xeneralidade de Cataluña, segundo corresponda de acordo co texto refundido de Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Os órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e da Xeneralidade de Cataluña deberán ter coñecemento das operacións de crédito que non requiran autorización, na forma en que regulamentariamente se estableza. En calquera caso, facilitarase a información necesaria para a verificación do cumprimento das condicións anteriormente citadas.

O número 5 do artigo 53 do texto refundido de Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, é de aplicación ao municipio de Barcelona.

#### Artigo 70. *Regulamento orgánico e funcións financeiras.*

O Regulamento orgánico municipal determinará o órgano ou órganos especializados aos cales lles corresponda o exercicio das seguintes funcións:

- a) A dirección financeira da Corporación.
- b) O pagamento das obrigas, cando estas sexan firmes.
- c) A concertación de operacións de tesouraría, de acordo coas bases de execución do orzamento e o plan financeiro aprobado, cos límites establecidos no artigo 51 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.
- d) A administración dos excedentes de Tesouraría.
- e) A xestión da débeda municipal e, en xeral, das operacións financeiras.

#### SECCIÓN IV. FISCALIZACIÓN E AUDITORÍA

#### Artigo 71. *Sistema de fiscalización e auditoría.*

O sistema de fiscalización e auditoría da xestión económica e financeira do Concello de Barcelona desenvolverase nunha tripla vertente:

- a) Función de control da legalidade.
- b) Función de control financeiro.
- c) Función de control de eficacia.

#### Artigo 72. *Control de legalidade.*

1. A función de control da legalidade ten por obxecto fiscalizar os actos que dean lugar a:

- a) Modificación de créditos iniciais.
- b) Recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico.
- c) Cobramentos e pagamentos.

2. A finalidade da fiscalización é a comprobación de que a xestión e a contabilización orzamentaria se axustan ás disposicións legais aplicables en cada caso.

3. O exercicio da función de fiscalización axustarase ao disposto no texto refundido de Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, entre outras funcións, comprenderá:

- a) A intervención crítica previa de todo acto que implique a modificación de créditos iniciais.
- b) A comprobación da legalidade orzamentaria, mediante técnicas de mostraxe, dos actos que dean lugar ao recoñecemento de dereitos e obrigas de contido económico.
- c) A toma de razón en contabilidade, que consistirá na comprobación de que os sistemas de información están elaborados de tal maneira que garantan que:

Toda operación sexa rexistrada na contabilidade orzamentaria de acordo coas regras predeterminadas, baixo a responsabilidade do órgano competente da contabilidade.

Os controis incorporados sexan efectivos e non permitan o rexistro de gastos con crédito insuficiente, nin o pagamento indebido de obrigas.

O proceso de agregación contable permita acceder a cada operación individual orixinal.

#### Artigo 73. *Funcións da Intervención Xeral do Concello.*

1. A Intervención Xeral do Concello é o órgano encargado da fiscalización, comprendendo as funcións recollidas no número 2 do artigo 214 do texto refundido

da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

2. A desconformidade do órgano interventor no fondo ou na forma dos actos de fiscalización previa dará lugar á formulación de obxeccións por escrito antes da adopción do acordo ou resolución. Destas obxeccións darase conta á Comisión Especial de Contas.

3. As actuacións de fiscalización realizadas con posterioridade e as comprobacións relativas á toma de razón dos sistemas de información dan lugar a un informe escrito sobre as conclusións obtidas e recomendacións propostas que se teñen que trasladar á Comisión de Contas do Pleno.

#### Artigo 74. *Función de control financeiro.*

A función de control financeiro terá por obxecto comprobar o funcionamento económico-financeiro dos servizos e levarase a cabo mediante auditoría externa ás contas anuais individuais e consolidadas do Concello, dos seus organismos autónomos locais, das súas entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís, sen prexuízo das funcións que lle correspondan ao interventor.

#### Artigo 75. *Control de eficacia.*

1. A función de control de eficacia terá por obxecto a comprobación periódica dos obxectivos, así como a análise do custo de funcionamento e o rendemento das actividades e servizos e investimentos municipais.

2. A súa execución será competencia de órganos especializados, encargados do control da xestión, que determine o Regulamento orgánico municipal.

#### Artigo 76. *Tesouraría municipal.*

1. Son competencias da Tesouraría municipal:

a) A formalización mensual das actas de arqueo de fondos depositados en caixas de efectivo e en contas bancarias e a súa conciliación cos saldos contables de Tesouraría.

b) A custodia de valores e efectos depositados na Tesouraría, o seu arqueo anual e conciliación cos respectivos saldos da contabilidade económico-financeira.

c) A autorización, xunto co ordenador de pagamentos e o interventor, das ordes de pagamento que se xiren contra as contas abertas nas entidades de depósito.

2. Os movementos internos de fondos que impliquen trasposos entre contas correntes ou contas financeiras de colocación de excedentes de tesouraría, e que se efectúen mediante transferencias ou orde bancaria interna, requirirán unha soa sinatura de entre as indicadas na alínea c) anterior.

3. Os depósitos e fianzas que garantan o cumprimento de obrigas de natureza tributaria, urbanística, expropiatoria ou de servizos e contratos de titularidade municipal serán constituídas ante a Tesouraría do propio Concello de Barcelona. Os depósitos en metálico ou valores non retirados polos seus titulares unha vez pasados vinte anos do cumprimento efectivo da obriga garantida serán declarados, logo de aviso ao interesado, en abandono, e aplicaranse ao orzamento de ingresos do Concello.

#### Artigo 77. *Fiscalización do Tribunal de Contas e da Sindicatura de Contas.*

O Tribunal de Contas e a Sindicatura de Contas da Xeneralidade de Cataluña exercerán as súas competencias en materia de fiscalización externa das contas e da xestión económica, de acordo coa normativa de aplicación xeral.

Disposición adicional primeira. *Tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade.*

As tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade emitidas polas autoridades municipais conxuntamente o modelo establecido na Recomendación 98/376/CE do Consello, do 4 de xuño de 1998, sobre a creación dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, terán validez en todo o territorio estatal, con independencia do municipio de procedencia do titular.

Disposición adicional segunda. *Financiamento da área metropolitana de Barcelona.*

Cando por lei da comunidade autónoma sexa creada a Área Metropolitana de Barcelona, a Administración xeral do Estado contribuirá ao seu financiamento na forma establecida na letra b) do número 1 do artigo 153 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Disposición adicional terceira. *Regulacións específicas.*

A xestión e alleamento dos bens inmoables, as instalacións, as telecomunicacións e os servizos técnicos do Ministerio de Defensa e os seus organismos públicos, radicados na cidade de Barcelona, rexeranse pola súa lexislación específica.

Disposición adicional cuarta. *Imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.*

No prazo dun ano estudarase a modificación da base imponible do imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Disposición adicional quinta. *Recurso de alzada contra actos dos distritos.*

Serán impugnables en alzada ante o alcalde ou alcaldesa as resolucións e os actos de trámite emanados dos órganos de distrito que decidan directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento, produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei e, en particular, as seguintes:

a) O Decreto 1166/1960, do 23 de maio, polo que se regula o réxime especial para Barcelona.

b) O Decreto lei 5/1974, do 24 de agosto, polo que se crea a entidade municipal metropolitana.

c) O Decreto 3276/1974, do 28 de novembro, de organización e funcionamento da entidade municipal metropolitana.

d) A disposición transitoria cuarta da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

Disposición derradeira primeira. *Plan de xestión integrada do litoral.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei deberase subscribir o convenio a que se refire o artigo 6.3.

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 6/1998, do 13 de abril, de réxime do solo e valoracións.*

Engádesse unha nova alínea c) ao punto segundo do artigo 40 da Lei 6/1998, do 13 de abril, de réxime do solo e valoracións, que queda redactado nos seguintes termos:

«c) Que o novo uso consistise na construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública.»

Disposición derradeira terceira. *Títulos competenciais.*

1. Esta lei dítase ao abeiro dos seguintes títulos competenciais do Estado:

Ao abeiro do artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, o seguinte precepto: a disposición adicional terceira.

Ao abeiro do artigo 149.1.5.<sup>a</sup> da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 32, 36 e 37.

Ao abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 39 a 55 e 67.

Ao abeiro do artigo 149.1.18.<sup>a</sup> da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 1 a 5; 8 a 11; 38; 56 a 66; 68 a 77; disposición adicional segunda e disposición derradeira segunda.

Ao abeiro do artigo 149.1.20.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 24.<sup>a</sup> da Constitución, o seguinte precepto: o artigo 7.

Ao abeiro dos artigos 149.1.20.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> da Constitución, o seguinte precepto: o artigo 6.1 e 2.

Ao abeiro do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 12 a 15; 17 a 29, e disposición adicional primeira.

Ao abeiro do artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, os seguintes preceptos: os artigos 30, 31 e 33 a 35.

2. Os artigos 6.3, 16 e disposición derradeira primeira son de aplicación unicamente á Administración xeral do Estado.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no *Boletín Oficial del Estado*.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 13 de marzo de 2006.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**4584** *ORDE ITC/683/2006, do 9 de marzo, pola que se regula o control metrolóxico do Estado sobre os sistemas para a contaxe e control de afluencia de persoas en locais de pública concorrencia.* («BOE» 62, do 14-3-2006.)

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, establece o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España,

réxime ao cal deben someterse en defensa da seguranza, da protección da saúde e dos intereses económicos dos consumidores e usuarios, os instrumentos de medida, nas condicións que regulamentariamente se determinen. A devandita lei foi desenvolvida posteriormente por diversas normas de contido metrolóxico, entre as cales se encontra o Real decreto 1616/1985, do 11 de setembro, polo que se regula o control metrolóxico que realiza a Administración do Estado.

Esta orde ten por obxecto garantir, desde o punto de vista do establecido no artigo sétimo da citada Lei de metroloxía, os resultados que proporcionan os sistemas para a contaxe e control da afluencia de persoas nos lugares de pública concorrencia, dotando as administracións públicas competentes encargadas do cumprimento do establecido en materia de seguranza pública duns medios técnicos adecuados, sometidos ao control metrolóxico do Estado.

De todo o anteriormente exposto despréndese a necesidade de que, desde o punto de vista metrolóxico, se regulen os requisitos que estes instrumentos deben cumprir para superar o control metrolóxico do Estado e poder ser utilizados para garantir o correcto funcionamento dos sistemas que permitan o control en tempo real da afluencia de persoas en espectáculos e actividades recreativas. As fases de control metrolóxico reguladas por esta orde son as de aprobación de modelo, verificación primitiva, verificación despois de reparación ou modificación, e verificación periódica.

Para a elaboración da norma foron consultadas as comunidades autónomas e realizouse o preceptivo trámite de audiencia aos interesados.

Así mesmo, a presente disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

### CAPÍTULO I

#### Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto desta orde a regulación do control metrolóxico do Estado sobre os sistemas para a contaxe e control de afluencia de persoas nos locais de pública concorrencia que determine a Administración pública competente, en diante denominados «sistemas contadores de persoas».

Artigo 2. *Fases do control metrolóxico.*

O control metrolóxico do Estado sobre os sistemas contadores de persoas comprenderá as seguintes fases: aprobación de modelo, verificación primitiva, verificación despois de reparación ou modificación e verificación periódica.

Artigo 3. *Comercialización e posta en servizo.*

A partir da entrada en vigor desta orde só poderán ser comercializados e postos en servizo os sistemas contadores de persoas a que se refire o artigo 1 que cumpran co disposto nela, sempre e cando estean instalados e mantidos convenientemente e se utilicen de acordo coa súa finalidade.